

LIBROS VIVINTES



No vento de Kagga Kogi

SUMA
ÁGORA

Na selva descubrín que aquel lugar era lugar de conquistas, de loita, de morte polo control das riquezas por explotar no planeta. Un lugar dunha inmensa violencia, que pagaban e sufrían os fillos da terra, os pobos indíxenas. E eu estaba no medio de toda esa violencia, no medio de todo ese conflito. E resultaba un incordio, unha incomodidade para todos os bandos. Para as guerrillas de esquerda, para os paramilitares de dereitas, para o Exército oficial e aínda para os mercenarios contratados polas grandes empresas multinacionais...



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Bibliotecas Municipais
da Coruña

Na selva descubrín que aquel lugar era lugar de conquistas, de loita, de morte polo control das riquezas por explotar no planeta. Un lugar dunha inmensa violencia, que pagaban e sufrían os fillos da terra, os pobos indíxenas. E eu estaba no medio de toda esa violencia, no medio de todo ese conflito. E resultaba un incordio, unha incomodidade para todos os bandos. Para as guerrillas de esquerda, para os paramilitares de dereitas, para o Exército oficial e aínda para os mercenarios contratados polas grandes empresas multinacionais...

O auditorio escoita a historia en silencio, cautivado polo falar calmo do home de pel tostada, ollos pequenos, beizos grosos. Importa o que conta -intenso, violento, tenro- e conmove na maneira de dicilo. Da súa voz de río nacen mans e alóganse cara cada un dos presentes, que se collen a elas e se deixan levar sen resistencia nin temor. Se puideran desdobrase para verse, para mirarse desde fóra, ollaríanse camiñando docemente cara os puntos inefables, terribles, onde todo o humano arde na superficie e non admite disfraz nin ocultamento.

O auditorio, todo, está no río con el e ten a pel labrada de cicatrices. A historia avanza sinuosa coma o Cauca, réptil, máchase de vida. O home de pel de cobre ten a ollada limpa, e pronuncia as verbas do relato con precisión de ourives ou ceramista, aloumiñando as sílabas e entregándoas coidadoso, unha a unha.

Conta: nacín en Cali, no medio do país, onde foron dar meu pai e miña nai fuxindo da violencia, cada un desde unha punta diferente, unha do norte, o outro do sur. Esa violencia é unha violencia política, ten a ver co control dos recursos, cos grandes intereses económicos, coas formas coas que os poderosos queren organizar a realidade no seu favor. Quen pon os mortos, no entanto, é sempre a xente do pobo. Sexa co uniforme que sexa, mais sempre a xente sinxela do pobo.

O home de beizos grosos e mirada tostada fala con xeitos de narrador, e revive mentres conta. Retorce para si as palabras e mastígaas sen os demais o notaren. O significado desas palabras ten carne, medo, suor, lágrimas e caricias. Tenta que se perciba, mais de xeito delicado, sen ninguén se sentir agredido pola dor allea. Tamén descobre mentres fala, e se sorprende.

Hai palabras que chegan a el sen el as ter buscado. Aparecen quizais porque estaban aí, agochadas no faiado das lembranzas, e céibanse cando senten algunha sorte de chamada nos códigos secretos do corazón. Quizais, simplemente, precisaban saír. El, con todo, calibra os intres e as proporcións e controla o ton, o ritmo, logra que se axeiten ao relato e non semellen fuxidos polo monte, gritos que rachan a madrugada. Hai, tamén, con elas, feridas remoídas durante anos, no silencio da distancia coruñesa. E hai desexo e morriña e amor e esperanza.

Conta: un dos eixos que atravesa a miña vida é a violencia. Outro, fundamental, son os libros, grazas a miña nai. Ela sempre tivo como grande frustración non poder estudar máis, de maneira que desde o comezo tivo claro que os seus fillos ían poder estudar. Para mamá estudar era unha salvación. "Diñeiro nunca poderemos deixarnos" –diciá-, "o único que poderemos deixarnos é a vosa educación". Eramos sete irmáns. Estaba a cousa realmente difícil. Pero ela tentouno con toda o corazón. A todas horas nos estaba lendo, a pesar da súa pouca formación e da pobreza na que medramos. Sempre conseguía pequenos folletíns, contos diminutos, anacos de xornal, ... e aí nos tedes aos sete arredor da cama, ou no chan, escoitando da súa boca un anaco das Fábulas de Esopo, d'As Mil e Unha Noites, dos contos dos irmáns Grimm, un conto de García Márquez... e o resto da súa colleita, tiña unha capacidade enorme para contar historias, para fabular.

O Auditorio cheo de mozas e de mozos contempla ao home de ollos pequenos e pel de selva e de ouro e de terra profanada, que ergue unha botella de auga e a leva até os beizos. O Auditorio xa escoitou desde eses beizos a convicción profunda de que o pobo sempre perde, a experiencia palpable da soidade, a consciencia de non estar tendo unha adolescencia como as dos demais. Ao escoitar, alguén no Auditorio pensa en *Machuca*, en *Apaga y vámonos*, na Bolivia plurinacional. Pero o home de voz calma e falar de pel de ameixa non atende á metaliteratura e deita no ar as súas verdades, desde o ánimo certo de que se entendan por todas e todas. *Importan as persoas, non as cousas. E as cousas saen do traballo das persoas. E a pobreza das persoas é a forma máis grande de violencia.*

E conta: na selva descubrín que aquel lugar era lugar de conquistas, de loita, de morte polo control das riquezas por explotar no planeta. Un lugar dunha inmensa violencia, que pagaban e sufrían os fillos da terra, os pobos indíxenas. E eu estaba no medio de toda esa violencia, no medio de todo ese conflito. E resultaba un incordio, unha incomodidade para todos os bandos. Para as guerrillas de esquerda, para os paramilitares de dereitas, para o Exército oficial e aínda para os mercenarios contratados polas grandes empresas multinacionais. Movíame dunha aldea a outra con salvocondutos, explicando que traballabamos en temas de educación, de cultura, de saúde, de defensa da lingua propia, de creación de líderes e mestres indíxenas... Que nós defendésemos a identidade e a cultura, a existencia mesma dos pobos indíxenas, resultaba sospeitoso para o Exército, que nos tiñan por xente de extrema esquerda. As guerrillas de extrema esquerda mirábannos con sospeita porque tiñamos identificación oficial da Universidade e pensaban que podíamos ser infiltrados. Os paramilitares, os paracos, todos de dereitas, pensaban que debíamos ser xente da guerrilla porque viñamos dunha Universidade pública, con fama de reivindicativa. Tantas veces estiven detido, tremendo, pensando "esta vez non vou saír vivo, esta vez todo rematou..."

O home de ollos de níquel e auga nas verbas escóitase e séntese nos ollos dos que o miran. É estraña esa sensación, estraña a distancia que percorren as palabras desde si até eses ollos que o miran e son espello. Algunhas delas volven, rebotan, mancan. A esperanza, en concreto, desacouga. Sorpréndese pensando nisto, sendo consciente das marxes íntimas do relato mentres o relato, como tal, acontece cara fóra, mentres se escribe no aire cara eses mozos que o miran desde as cadeiras azuis do Auditorio Municipal.

Sente na caluga, amoroso, o alento de Kagga Kogi, a Nai Terra. Só existe un mundo e é de todos. Toma notas, debuxa espirais nas páxinas en branco. E pensa en Pizarnik, a poeta: "No nombrar las cosas por sus nombres. Las cosas tienen bordes dentados, vegetación lujuriosa. Pero quién

habla en la habitación llena de ojos. Quién dentellea con una boca de papel. Nombres que vienen, sombras con máscaras. Cúrame del vacío-dije. (La luz se amaba en mi oscuridad. Supe que no había cuando me encontré diciendo: soy yo). Cúrame -dije.”

